

ACTA NÚMERO: 32/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 21 DE AGOSTO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 21 de agosto de 2025 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona Susana Escaloni Varela, Viceinterventor da Deputación.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal en funcións de Secretario Accidental da Deputación.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Antonio Torrón Casal, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Dar conta da oferta presentada pola FUNDACION TRASLATIO no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para o patrocinio da 56ª edición da "Solitaire du Figaro Paprec - Vigo" (Expte. 2025051366).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa OPERACONCERT, S.L. no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de tres recitais "Querida Montserrat, querido Luciano" en 2025 (Expte. 2025044921)*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa KELTIA PRODUCCIONES, S.L. no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación dúas actuacións de Carlos Núñez no Son Verán de 2025 (Expte. 2025050127)*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)" (Expte. 2025005472)*
5. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da renovación e subministración do licenciamiento software de autodesk para a Deputación de Pontevedra (Expte. 2025032356)*
6. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado, mediante concurso público, para o alleamento de 10 parcelas do Polígono Industrial Outeda-Curro no Concello de Barro. (Exptes.-2025045268 -2025030363)*
7. *Apertura electrónica dos sobres "único", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos servizos de asistencia técnica, consultaría e creación dunha web de destino para o desenvolvemento dun turismo petfriendly, enmarcado no proxecto "Praias sen límites" da convocatoria de Experiencias2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-Next Generation EU. (Expte. 2025050855)*
8. *Apertura electrónica dos sobres "A" de documentación administrativa e correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado para a contratación da subministración dunha plataforma de contidos audiovisuais por internet (Over the top OTT) para a Deputación de Pontevedra (Expte. 2025038822)*
9. *Apertura electrónica dos sobres "único" de documentación administrativa e documentación correspondente aos criterios avaliables automaticamente do alleamento mediante poxa pública da uva albariña e variedades brancas da Finca de Soutomaior 2025 (Expte. 2025051861)*
10. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto para a contratación da subministración mediante arrendamento sen opción de compra de diferentes vehículos para os servizos da Deputación de Pontevedra (Expte. 2024028056)*
11. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente aos criterios avaliables automaticamente do procedemento aberto para a contratación da subministración mediante arrendamento sen opción de compra de diferentes vehículos para os servizos da Deputación de Pontevedra (Expte. 2024028056)*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo



Provincial do PSdeG, D. Carlos Cuadrado Romay Secretario da Deputación e Dona Carmen de Peña Vidal, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Dar conta da oferta presentada pola FUNDACION TRASLATIO no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para o patrocinio da 56ª edición da "Solitaire du Figaro Paprec - Vigo" (Expte.2025051366).*

Por Resolución Presidencial número 2025006514, de data 4 de agosto de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo da 56ª edición da "Solitaire du Figaro Paprec", cun valor máximo estimado de 37.190,08 €, sen IVE.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar a Fundación Traslato (G27837988), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 04/08/2025.

A Fundación Traslato (G27837988), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	37.190,00 €
IVE (21 %)	7.809,90 €
Importe ofertado con IVE	44.999,90 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada por Fundación Traslato (G27837988), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo da 56ª edición da "Solitaire du Figaro Paprec".

2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa OPERACONCERT, S.L. no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de tres recitais "Querida Montserrat, querido Luciano" en 2025 (Expte. 2025044921).*

Por Resolución Presidencial número 2025006538, de data 4 de agosto de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade, da contratación de tres recitais de ópera "Querida Montserrat, querido Luciano" no 2025.



Na mesma resolución, acordouse invitar á empresa Operaconcert, S.L. (CIF: B88125695) a presentar proposición económica, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado dende a data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que se produce o 05/08/2025.

En data 13/08/2025 a empresa Operaconcert, S.L. presenta oferta e unha vez examinada a documentación, a empresa resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada é a seguinte:

Importe ofertado (sen IVE)	34.100,00 €
IVE (21 %)	7.161,00 €
Importe ofertado con IVE	41.261,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Operaconcert, S.L. (CIF: B88125695), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de tres recitais de ópera “Querida Montserrat, querido Luciano” no 2025.

3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Keltia Produccións, S.L. no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación dúas actuacións de Carlos Núñez no Son Verán de 2025 (Expte. 2025050127).*

Por Resolución Presidencial número 2025006818, de data 18 de agosto de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de dúas actuacións de Carlos Núñez no Son Verán de 2025, cun valor máximo estimado de 32.000,00 €, sen o IVE.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar a Keltia Produccións, S.L. (B36793081), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 18/08/2025.

Keltia Produccións, S.L. (B36793081), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	32.000,00 €
IVE (21 %)	6.720,00 €
Importe ofertado con IVE	38.720,00 €



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada por Keltia Producións, S.L, (B36793081), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións de Carlos Núñez no Son Verán de 2025.

4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)" (Expte. 2025005472).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 30 de maio de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de xuño de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A Mesa de Contratación na súa reunión de data 26/06/2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.
- MONCOSA OHS, S.A.
- MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO, S.L.
- SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELECTRICAS,S.A.
- TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L
- VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS, S.L..

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Director de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 1 de agosto de 2025, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:



LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.	18,00	2,00	20,00
MONCOSA OHS, S.A.	10,00	1,00	11,00
MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO, S.L.	22,00	2,00	24,00
SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELECTRICAS, S.A.	12,00	1,00	13,00
TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.	14,00	2,00	16,00
VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS, S.L.	6,00	1,00	7,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Director de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao de data 1 de agosto de 2025, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade”).

As ofertas presentadas polas empresas VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS, S.L., e MONCOSA OHS, S.A. non acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas, polo que segundo o recollido no PCAP deben de ser excluídas deste procedemento.

A maiores, a Mesa de Contratación detectou que segundo o recollido no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, a empresa MONCOSA OHS S.A. (CIF A15050958), está en situación de prohibición de contratar coa Deputación de Pontevedra, polo que tamén debe de ser excluída deste procedemento por esa causa.

Na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L.	170.466,07 €	3,00%	36 MESES	NON PRESENTA	NON PRESENTA
MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO, S.L.	192.191,25 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELECTRICAS,S.A.	190.290,10 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L	181.801,98 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L., (CIF B36380384), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

En virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir a citada empresa para que xustificara a súa oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Con data 13/08/2025 tivo entrada na Deputación a través do Rexistro electrónico, escrito da empresa ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, ratificándose na súa oferta sen xustificación algunha, polo que non debe de ser tida en consideración no proceso de adxudicación desta obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 07/08/2025, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO, S.L.	30,91	5,00	5,00	5,00	45,91
SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELECTRICAS,S.A.	33,62	5,00	5,00	5,00	48,62
TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L	45,73	5,00	5,00	5,00	60,73

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor o Órgano de Contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa MONCOSA OHS S.A. (CIF A15050958), pois atópase en situación de prohibición de contratar coa Deputación de Pontevedra.



2. Propor o Órgano de Contratación, excluír do procedemento a oferta pola empresa VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS, S.L., (CIF B87577102), pois non acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.
3. Propor ó Órgano de Contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO, S.L., (CIF B36380384), pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
4. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.	16,00	60,73	76,73
2	MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO, S.L.	24,00	45,91	69,91
3	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELECTRICAS,S.A.	13,00	48,62	61,62

5. Propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira-Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)” á empresa TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L. (CIF B36572345) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado 181.801,98 €
 IVE (21%) 38.178,42 €
 Importe Total 219.980,39 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS S.L (CIF B36572345) figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 5247) acreditando a tenor do reflectido nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co



Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

6. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

- a) Declaración responsable, de acordo co modelo que se achega no seguinte enlace, debidamente cumprimentada e asinada electrónicamente:

<https://contrataciondelestado.es/wps/wcm/connect/d231e496-5abb-44e0-bdac-615ff9d8fa6d/DOC20240213083922Declaracion+responsable+contratacion+publica+GAL.pdf?MOD=AJPERES>

- b) Acreditación da solvencia económica e financeira

Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato/lote (valor anual medio se a duración é superior a un ano) (320.827,02 €)

A acreditación deste requisito realizarase como regra xeral mediante un certificado de importe neto da cifra de negocios expedido pola AEAT, ou coa aportación do resume da declaración do IVE presentada en Facenda (modelo 390).

Cando o licitador/a sexa unha entidade que non estea obrigada a realizar declaración do IVE, eses porcentaxe deberá reflectirse por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- c) Acreditación da solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou o licitador deberá presentar os seguintes documentos:

Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe, a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato/lote, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato/lote. (149.719,28 €)



Nota aclaratoria: Para o cómputo dos cinco últimos anos, considerarase como data de inicio ou “dies ad quo” o mesmo día e mes que o da data final do prazo de presentación de ofertas.

- d) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- e) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 9.0909,00 €

5. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da renovación e subministración do licenciamiento software de autodesk para a Deputación de Pontevedra (Expte. 2025032356).*

O Secretario informa que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 18/07/2025 acordou a aprobación do expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado da renovación e subministración do licenciamiento software de autodesk para a Deputación de Pontevedra. Con data 18/07/2025 o anuncio de licitación, publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Así mesmo o Secretario informa que a mesa de contratación en reunión celebrada o día 07/08/2025 procedeu a apertura electrónica do sobre único, correspondentes coa documentación administrativa e documentación correspondente aos criterios avaliados automaticamente. A Mesa de contratación acordou admitir as seguintes empresas

- NTI CAD SYSTEMS, S.L CIF B86798949
- SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS, S.A CIF A08747388
- Seidor Tech, S.A CIF A33204306

Unha vez feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas resulta que a oferta presentada pola empresa Seidor Tech SA presenta un valor anormal ou desproporcionado en canto ao prezo ofertado polo que polo



Secretario da Mesa de contratación se lle require para que xustifique a súa oferta ,requerimento que lle foi notificado con nº NOT2025020849, concedéndolle a tal efecto un prazo de 5 días hábiles.

A empresa Seidor Tech SA non presentou a xustificación requirida no prazo establecido.

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos nos pregos, as puntuacións obtidas na valoración dos criterios avaliados mediante fórmulas, segundo constan no informe emitido polo Xefe do Servizo de contratación con CSV (6DGWX003DCBW1JCI) son as seguintes.

Empresas	Puntuación prezo ofertado (Máx 100 puntos)	Puntuación total
SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS, S.A CIF A08747388)	86,724	86,724
NTI CAD SYSTEMS, S.L CIF B86798949)	83,888	83,888

A Mesa de Contratación acorda:

1.- Excluir á empresa Seidor Tech, S.A CIF A33204306, ao presentar un valor anomal ou desproporcionado en canto ao prezo ofertado e non xustificar ditos valores anormais.

2.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para dita contratación que, queda da seguinte forma:

Clasificación	Empresas	Puntuación prezo ofertado (Máx 100 puntos)	Puntuación total
1ª	SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS, S.A CIF A08747388)	86,724	86,724
2ª	NTI CAD SYSTEMS, S.L CIF B86798949)	83,888	83,888

3.- Propoñer ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da “Renovación e subministración do licenciamiento software de autodesk para a Deputación de Pontevedra”, á empresa SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS, S.A (CIF A08747388) polos prezos e valores ofertados.



A Mesa de Contratación comproba que a empresa SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS, S.A CIF A08747388) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (Rolece). Dito certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación así como a non concorrencia da prohibición de contratar.

4.- Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS, S.A CIF A08747388 mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporte a documentación esixida, de conformidade co artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora correspondente retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

6. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado, mediante concurso público, para o alleamento de 10 parcelas do Polígono Industrial Outeda-Curro no Concello de Barro. (Exptes.-2025045268 -2025030363).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, o Pleno de Deputación de Pontevedra de data 27/06/2025 aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de varias parcelas (10) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do solo urbanizable e industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro) (Barro).

Este concurso público convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 04/07/2025. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 07/08/2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, resultando admitida a única empresa presentada, TRANSPORTES CAMESELLE, S.L. (B36058493).

A Mesa de Contratación na reunión do día 7 de agosto de 2025 tamén procedeu á efectuar a apertura electrónica do sobre "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, aportada pola única empresa presentada e admitida, TRANSPORTES CAMESELLE, S.L. (B36058493).

Os valores ofertados pola empresa TRANSPORTES CAMESELLE, S.L., foron os seguintes:



Prezo:

“(…) 2) La constitución de un derecho de superficie sobre la/s parcela/s que a continuación se relaciona/n:

Número de parcela	Canon anual ofertado (sin IVA)	Importe del IVA	Canon anual ofertado con IVA	Plazo de duración ofertado para la constitución del derecho de superficie (expresado en años)
A-22	32.624,74	6.851,19	39.475,93	Mínimo de 5 años y un máximo de 25 años. Con opción de compra dentro de los primeros 5 años
A-24	33.092,02	6.949,32	40.041,35	Mínimo de 5 años y un máximo de 25 años. Con opción de compra dentro de los primeros 5 años

(…)”

A empresa Transportes Cameselle, S.L., tamén achegou no sobre “B” xunto coa oferta económica á documentación solicitada para a valoración do resto de criterios automáticos establecidos na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Económico-Administrativas que rexe neste concurso público e que eran os seguintes:

- Interese social da iniciativa empresarial
- Condicións ambientais da implantación empresarial
- Inversións
- E número de parcelas

Con data 14/08/2025, o Técnico colaborador do Polígono de Barro, emitiu informe de valoración dos criterios automáticos en base á documentación aportada pola empresa, Transportes Cameselle, S.L, no que recolle o seguinte :

“Tendo en conta as diferentes valoracións realizadas en función dos parámetros establecidos para a avaliación da única proposta presentada, o resultado final do que se da conta á Mesa de Contratación é o seguinte:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS 100 PUNTOS		OFERTA CAMESELLE
1. Prezo	40 puntos	40
2. Interese social da iniciativa empresarial	20 puntos	20
